



**ADDENDA O CONVENIO ENTRE A AXENCIA GALEGA DE DESENVOLVEMENTO RURAL E O CONCELLO DE BEGONTE PARA A CONCESIÓN DUNHA SUBVENCIÓN DIRECTA AO PROXECTO SENLLEIRO DE ACONDICIONAMENTO E AMPLIACIÓN DO LOCAL SOCIAL DE CARRAL DENTRO DA CATEGORÍA DE "PROMOCIÓN E POSTA EN VALOR DA VIDA SOCIAL, CULTURAL E EDUCATIVA DA COMARCA".**

Santiago de Compostela, na data da sinatura electrónica.

**REUNIDOS**

Dunha parte, María José Gómez Rodríguez, conselleira do Medio Rural, en virtude do seu nomeamento polo Decreto 44/2024, do 14 de abril, polo que se nomean os titulares das consellerías da Xunta de Galicia (DOG núm. 73, do 14 de abril), na súa condición de presidenta da Axencia Galega de Desenvolvemento Rural, CIF Q1500273F, con domicilio na Barcia, estrada Santiago-Noia, km. 3, 15897, Santiago de Compostela, e no uso das facultades delegadas atribuídas no Acordo do Consello de Dirección da Agader do 21 de xullo de 2021 (DOG núm. 148, do 4 de agosto).

Doutra parte, José Ulla Rocha, na súa condición de alcalde do concello de Begonte, segundo o disposto no artigo 61 da Lei 5/1997, da administración local de Galicia, do artigo 21 da Lei 7/1985, do 2 de abril, reguladora das bases do réxime local, e do artigo 24 do Real decreto lexislativo 781/1986, do 18 de abril, do texto refundido das disposicións legais vixentes en materia de réxime local.

Ámbalas partes teñen plena capacidade para levar adiante esta addenda e,

**EXPOÑEN**

**Primerio.-** O 18.07.2025 as partes asinaron o Convenio entre a Axencia Galega de Desenvolvemento Rural e o concello de Begonte para a concesión dunha subVENCIÓN

[AXENCIA GALEGA DE DESENVOLVEMENTO RURAL](#)  
[CONSELLERÍA DO MEDIO RURAL](#)

Lugar da Barcia 56, Laraño  
15897 Santiago de Compostela  
T. + 34 981 547 354

[infoagader@xunta.gal](mailto:infoagader@xunta.gal)  
[agader.xunta.gal](http://agader.xunta.gal)





directa ao proxecto senlleiro de acondicionamento e ampliación do local social de Carral dentro da categoría de "promoción e posta en valor da vida social, cultural e educativa da comarca".

**Segundo.-** O 28 de outubro de 2025 o concello de Begonte presenta unha solicitude de ampliación do prazo de xustificación dos gastos da anualidade 2025 que fundamenta a necesidade de subscribir a presente addenda en: *"Dificultades de índole técnica e orzamentaria para facer fronte á aportación municipal desta anualidade de 2025, motivaron un retraso no necesario proceso previo de licitación e adxudicación – actualmente en trámite - das obras, polo que non vai ser posible executar e xustificar a actuación dentro dese prazo inicial fixado.*

*Por todo o exposto, esta Alcaldía – en nome e representación desta entidade Local - solicita desa Axencia Galega de Desenvolvemento Rural unha prórroga do prazo de execución e xustificación da anualidade de 2025 das obras de "Ampliación de Local Social de Carral", ata o día 15 de decembro de 2025".*

**Terceiro.-** Debido o cerre de exercicio orzamentario e os prazos aos que está suxeito este organimo, para poder facer fronte o pago da anualidade 2025 para a que se solicita a ampliación do prazo de execución e xustificación, este órgano xestor autoriza a súa prórroga como máximo ata o 9 de decembro de 2025. Esta solicitude aconsella a subscripción dunha addenda sen mudar o obxecto do mesmo nin ningún dos seus elementos esenciais.

A achega da Axencia Galega de Desenvolvemento Rural realizarase con cargo á aplicación orzamentaria 14.A1.712A.760.0 dos orzamentos xerais da Comunidade Autónoma de Galicia 2025-2026, código de proxecto 2017-00003.-"Actuacións senlleiras de mellora do patrimonio rural" e non suporá incremento do gasto.

**Cuarto.-** Esta solicitude supón a modificación da cláusula QUINTA "xustificación dos gastos" do convenio.

A cláusula **QUINTA** "Xustificación dos gastos" dispón

*"De conformidade co previsto na Lei 9/2007, de subvencións de Galicia o prazo de execución e xustificación rematará o 15.11.2026. Para os gastos correspondentes á anualidade 2025, o prazo de execución e xustificación rematará o 15.11.2025 sen prexuízo de que as actividades subvencionadas sexan as executadas a partires do 01 de xaneiro de 2025. Para os gastos realizados comprendidos dende o 16.11.2025 o prazo de xustificación rematará o 15.11.2026".*





Tendo en conta o anterior, ambas partes acordan a sinatura desta addenda de conformidade coa cláusula que a continuación segue:

## CLÁUSULAS

**PRIMEIRA.-** O obxecto da presente Addenda é modificar a cláusula **QUINTA** do convenio "Xustificación dos gastos" que queda redactada como segue:

- *"De conformidade co previsto na Lei 9/2007, de subvencións de Galicia o prazo de execución e xustificación rematará o 15.11.2026. Para os gastos correspondentes á anualidade 2025, o prazo de execución e xustificación rematará o 09.12.2025 sen prexuízo de que as actividades subvencionadas sexan as executadas a partires do 01 de xaneiro de 2025. Para os gastos realizados comprendidos dende o 10.12.2025 o prazo de xustificación rematará o 15.11.2026".*

**SEGUNDA.-** A presente addenda rexerase polas condicións estipuladas no Convenio do que trae causa, formando parte integrante do mesmo.

**TERCEIRA.-** As partes asinantes deberán cumprir coas obrigas derivadas da Lei 1/2016, do 18 de xaneiro, de transparencia e bo goberno. Para tal fin, as partes aceptan que o texto da addenda se publique no Portal de Transparencia e Goberno Aberto da Xunta de Galicia incluíndo os datos identificativos das persoas asinantes.

Así mesmo, o Concello de Begonte acepta e consinte a remisión da addenda, logo da súa sinatura, ao Rexistro de Convenios da Xunta de Galicia.

De acordo co establecido no artigo 30 da Lei estatal 15/2014, do 16 de setembro, de racionalización do sector público e outras medidas de reforma administrativa, que introduciu diversas modificacións na Lei 38/2003, do 17 de novembro, xeral de subvencións, o contido desta addenda será publicado na Base de Datos Nacional de Subvencións, nos termos recollidos no artigo 20 da Lei 38/2003, do 17 de novembro, xeral de subvencións, modificado polo artigo 30 da Lei estatal 15/2014, do 16 de setembro, de racionalización do sector público e outras medidas de reforma administrativa.

Así mesmo, será obxecto de publicidade no Rexistro de Axudas, Subvencións e Convenios, ao abeiro do disposto no decreto 126/2006, do 20 de xullo e no decreto 132/2006, do 27 de xullo.





**CUARTA.-** O incumprimento de calquera das cláusulas desta addenda constituirá causa suficiente para a súa rescisión, e así mesmo procederase o reintegro da subvención cando concorra algunha das causas previstas no artigo 33 da Lei 9/2007, de 13 de xuño, de subvencións de Galicia.

**QUINTA.-** Segundo o artigo 14.2 da Lei 39/2015, do 1 de outubro, do procedemento administrativo común das administracións públicas, os colectivos que están obrigados a relacionarse a través de medios electrónicos coas administracións públicas, e polo tanto, a recibir notificacións por canles electrónicas son: as persoas xurídicas, as entidades sen personalidade xurídica, os colexios profesionais, os que representen un interesado que estea obrigado a relacionarse electronicamente coa Administración e, os empregados das administracións públicas para os trámites que realicen con elas por razón da súa condición de empregado público.

As notificacións realizaranse só por medios electrónicos a través do Sistema de Notificación Electrónica de Galicia Notific@, <https://notifica.xunta.gal>. Para poder acceder a unha notificación electrónica, o interesado deberá contar cun certificado electrónico asociado ao NIF que figure como destinatario da notificación (persoa física ou xurídica).

Así mesmo, os interesados pode autorizar a calquera outra persoa a acceder ao contido das súas notificacións.

Esta addenda obriga ás partes que o asinan ao seu cumprimento, e ambas as dúas sométense ao acordado en tódalas estipulacións.

E en proba de conformidade de canto antecede, as partes asinan a presente addenda no lugar e data arriba indicado.

María José Gómez Rodríguez  
(P.D. Acordo do Consello de  
Dirección do 21.07.2021)  
Presidenta da Axencia Galega  
de Desenvolvemento Rural

José Ulla Rocha  
Alcalde do concello  
de Begonte

